



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E A CLÚSTER DA PIZARRA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS DE FOMENTO DO SECTOR DA LOUSA NO ÁMBITO DA SUSTENTABILIDADE

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Clúster da Pizarra de Galicia o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura 15 de xullo de 2025 ata o 2 de decembro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

levar a cabo durante o ano 2025 a realización de actuacións específicas de fomento do sector da lousa de Galicia no ámbito da sustentabilidade do sector mineiro, concretamente:

- A) Elaboración dun plan de comunicación integral que se desenvolverá a través dun gabinete de comunicación estable e permanente ao longo de 2025 cuxa misión será a de divulgar aos medios de comunicación os fitos máis destacables das características técnicas da lousa de Galicia, xerar noticias de interese e fomentar a súa divulgación.
- B) Deseño e desenvolvemento dun completo plan de medios a nivel nacional en 2025 que consistirá en:
  - 1) Inserción en medios: prensa, radio, televisión, revistas especializadas e webs publicacións de arquitectos e aparelladores.
  - 2) Actuacións coas Escolas de arquitectura e arquitectura técnica e cos Colexios profesionais: publicidade e difusión, galardóns ás mellores obras con lousa.
  - 3) Accións de promoción social: patrocinio clubs de fútbol, deseño e impresión de axendas escolares, patrocinio festivais e asociación cultural.
  - 4) Participación en feiras e exposicións: asistencia á Feira STONEGAL e exposición itinerante de fotografías en A Coruña e Lugo.
  - 5) Accións coas escolas e facultades universitarias de Arquitectura e Arquitectura Técnica para levar a cabo conferencias e visitas al sector.





Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en aras á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, (DOG núm. 101, do 27.05.2024), configura esta -en adiante CEI- conforme ao Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais. As competencias en materias de minas están atribuídas á actual Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas -segundo o disposto no artigo 5 e na disposición adicional segunda do Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24.04.2024)- e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o impulso de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.

O CLÚSTER, constituído por corenta empresas que teñen a súa actividade relacionada coa lousa, ten entre os seus fins, o incremento do nivel de competitividade do sector da lousa, promovendo e impulsando a execución de proxectos concretos de carácter innovador e a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, servir de centro de documentación para todos os asociados e realizar os estudos, así como calquera outras competencias, facultades ou funcións que se consideren necesarias ou convenientes para o cumprimento dos seus fins.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEI, no financiamento das ditas actuacións.

A Consellería de Economía e Industria achegará ata un máximo de **CENTO TRINTA MIL EUROS (130.000,00 €)** con cargo a aplicación orzamentaria **09.03.734A-780.0** "axudas





programa de sustentabilidade no sector mineiro. Plan Sustentabilidade" dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital  
O director xeral de Planificación Enerxética e Minas  
Pablo Fernández Vila

